



A/A

Xerente do SERGAS

Directora Xeral de RR.HH. do SERGAS

Santiago, 25 de outubro de 2011

**Desde CIG-Saúde entendemos que a administración está a incumprir determinados aspectos do Acordos de PACs**, así como a facer unha aplicación incorrecta doutros aspectos, o que está a provocar un forte malestar entre o persoal que traballa nestes dispositivos asistenciais, que ven con preocupación que, se non se toman medidas xa, os problemas actuais continuarán sen resolverse o próximo ano.

Nesta situación, **SOLICITAMOS que, con carácter urxente, se reúna a Comisión de Seguimento** dos acordos do 14 de marzo e do 4 de abril de 2008. Para unificar criterios e evitar a grande e inxustificada variabilidade actual na aplicación dos acordos, **pedímoslle ao SERGAS que os responsábeis de todas as xerencias acudan á reunión da Comisión de Seguimento** que pola presente solicitamos.

**Para CIG-Saúde, os puntos a ser abordados nesa xuntanza da Comisión de Seguimento deben ser, cando menos, os seguintes:**

1. **Cómputo de xornada.** Reclamamos unha interpretación correcta dos termos do acordo e a súa translación ao aplicativo informático, para rematar coa situación actual na que se penaliza aos traballadores cando teñan unha IT ou collen un permiso retribuído.
2. **Confección de calendarios.** Reclamamos calendarios anuais elaborados coa participación das e dos traballadores e construídos con criterios de equidade. Neses calendarios, a xornada ordinaria e a complementaria deben estar claramente diferenciadas, e deben recoller necesariamente a xornada ordinaria do persoal de PAC e tódolos seus permisos.
3. **Cumprimento do Acta do 16 de xuño.** Na súa aplicación en cada área reclamamos que, de quedar horas suficientes (1623 horas/anuais), se proceda á creación dun vinculo estable (obra e servizo) contratando persoal das listas de contratacións antes de ofertalas á voluntariedade.
4. **Contratación de persoal das listas.** Reclamamos que se cumpran os apartados do acordo que establecen que diante dunha ausencia, o primeiro é contratar persoal das listas de contratacións.

Reciba un cordial saúdo:

  
María Xosé Abuín Álvarez (Secretaria Nacional de CIG-Saúde)

  
Begoña Peiteado Garrido (Médica do PAC de Vigo)

  
Olga Farinós López (Enfermeira do PAC de Narón)

Miguel F. Caaveiro, 10  
15703 Santiago

Teléfonos:  
981 552826  
981 564300  
662 312958

Fax: 981 571082

Correo-e:  
secretarianacional@  
cig-saude.org  
executiva@  
cig-saude.org

Web:  
www.cig-saude.org